

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Por Resolución do 23 de xaneiro de 2025 (DOG núm. 24 do 5 de febreiro) a Valedora do Pobo convocou dúas bolsas destinadas a persoas con discapacidade física, orgánica ou sensorial para a formación práctica nesta institución.

Na súa reunión de data 21 de marzo de 2025 a Comisión de Selección encargada de instruír o procedemento de concesión das bolsas, acordou requirir ás persoas aspirantes a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e méritos alegados, concedéndolles un prazo de cinco (5) días hábiles para presentar a documentación requirida, consonte ao disposto na base oitava da convocatoria.

Finalizado o dito prazo e analizada a documentación presentada, a Comisión de Selección, na súa reunión de data 31 de marzo de 2025, formulou, de acordo co establecido nas bases oitava, novena e décima da Resolución do 23 de xaneiro de 2025, a seguinte

### PROPOSTA:

**Primeiro.-** Conceder as dúas bolsas destinadas a persoas con discapacidade física, orgánica ou sensorial para a formación práctica na Valedora do Pobo ás persoas aspirantes que se relacionan no Anexo I, por ter obtido a maior puntuación de conformidade cos criterios de valoración fixados na base novena da Resolución do 23 de xaneiro de 2025.

De conformidade coa base décimo segunda da convocatoria, as persoas seleccionadas deberán incorporarse para o desenvolvemento dos labores de formación práctica dentro dos sete (7) días naturais seguintes ao da publicación desta Resolución no Diario Oficial de Galicia.

Se transcorrido o dito prazo, a incorporación das persoas seleccionadas non se producise, a bolsa poderase entender rexeitada, salvo causa xustificativa.

**Segundo.-** De conformidade co establecido na base décimo primeira da convocatoria, facer pública a Resolución definitiva de concesión das bolsas con expresión das persoas beneficiarias (Anexo I) e a relación complementaria de suplentes (Anexo II), co detalle da puntuación acadada en cada apartado do baremo, segundo os criterios de valoración que figuran na base novena da convocatoria.



**Terceiro.-** Excluir do procedemento de concesión das bolsas ás persoas aspirantes que figuran no Anexo III, ao non chegar dentro de prazo de cinco (5) días hábiles concedido, a documentación esixida na base sétima da convocatoria, acreditativa dos requisitos que deben reunir os aspirantes para poder ser beneficiarios das bolsas en cuestión, contemplados na base segunda da convocatoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura

Santiago González Serrano  
**Presidente da Comisión de Selección**

**EXCMA. SRA. VALEDORA DO POBO**

**ANEXO I**

<b>NIF</b>	<b>A)</b>	<b>B)</b>	<b>C)</b>	<b>D)</b>	<b>E)</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
***8750**	7,43			4	2	13,43
***7210**	6,47			4	2	12,47

**ANEXO II**

<b>NIF</b>	<b>A)</b>	<b>B)</b>	<b>C)</b>	<b>D)</b>	<b>E)</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
***4238**	6,60			4		10,60
***8936**	5,90		1			6,90

**ANEXO III**

<b>NIF</b>	
***2532**	EXCLUÍDA
***0514**	EXCLUÍDA